

## Definición

Documento polo que unha persoa fai constar, baixo xuramento, un ou máis feitos.

## Estrutura e redacción

### 1. Identificación de quen asina o certificado

En primeiro lugar indicárase o nome e apelidos da persoa que asina a declaración. Incluírase o documento nacional de identidade e os datos necesarios para contactar con esta persoa. Neste punto, se a declaración así o require, indicárase o cargo en función do cal fai constar o que se declara.

Á hora de redactar estes datos, convén lembrar certas cuestións de estilo. *DNI* escríbese sen puntos e en maiúsculas, pois é unha sigla; se optamos por expresar a forma plena, esta irá en minúsculas (*documento nacional de identidade*). Por outra parte, os cargos van en minúsculas (*secretario, presidenta...*).

### 2. Declaración

A declaración introdúcese coa palabra *Declaro* seguida de dous puntos. Para destacar tipograficamente estas palabras no documento pódense empregar as maiúsculas.

A continuación introdúcense os feitos ou acontecementos dos que se realiza a declaración precedidos da conxunción *Que...* No caso de aparecer un só punto escríbese inmediatamente despois do título *DECLARO: que...* No caso de aparecer máis dun punto é recomendable que aparezan á parte, en parágrafos independentes e numerados. Por seren parágrafos diferentes, estes puntos comezarán con maiúscula.

### 3. Fórmula de constancia

É unha fórmula de estrutura básica fixa:

*-E para que conste, asino esta declaración.*

### 4. Data

Neste punto indicamos o lugar onde se asina, seguido dunha coma, e a data (o día, o mes e o ano).

Á hora de redactar a data cómpre lembrar as seguintes cuestións de estilo:

- A poboación nunca vai precedida da preposición *en*.
- O día do mes e o ano exprésanse en cifras (*12 de xaneiro de 2011*).
- Os meses escríbense coa inicial en minúscula (*xaneiro*).
- As cifras que expresan anos non levan punto (*2009*).

### 5. Sinatura

Constará unicamente da rúbrica da persoa que certifica pois xa se nomearon todos os datos necesarios para a identificación da persoa emisora ao comezo do documento.